


Por que é interesante para min unha SOFOR?



Agruparse permite ter unha xestión máis profesional, eficiente e rendible do monte, a partires das parcelas particulares de reducidas dimensións.

- Mantés a propiedade dos terreos
- Tes prioridade nas axudas de fomento forestal.
- É unha inversión produtiva e non tes a propiedade abandonada.
- Obtés rendas en prazos máis curtos.
- Xestionas de maneira profesional e sostible.
- Posibilitas a entrada de capital.
- Diminúes o risco de incendios.


De que axudas poderei dispoñer para poñela en marcha?

- Disporán de axudas, para a inscrición definitiva no rexistro, aquelas sociedades inscritas con carácter previo no rexistro das SOFOR.
- Ata o 100% dos gastos necesarios para a realización da concentración privada das propiedades forestais.
- Ata o 100% dos custos de redacción do proxecto de obras e infraestruturas.
- Ata o 70% dos custos de execución de infraestruturas comúns (pistas para facilitar os accesos, devesas, puntos de auga ou cercados para o gando).
- Ata o 100% dos custos de redacción do Instrumento de ordenación ou Xestión Forestal.

Que pasos teño que dar?

1. Chegar a un acordo entre varios socios.
2. Constitución da Sociedade Limitada.
3. (Opcional) Inscrición previa no rexistro da Xunta de Galicia.
4. Elaboración dun Plan de Xestión Forestal.
5. Inscrición no rexistro da Xunta de Galicia.





Para máis información:

Santiago: 981 546 109
A Coruña: 981 184 575
Lugo: 982 294 478
Ourense: 988 386 701
Pontevedra: 986 805 410

Ou na web

[www.medioruralemar.xunta.es/
areas/forestal/ordenacion/sofor/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/ordenacion/sofor/)

SOFOR
Sociedades de Fomento Forestal
cos pés na terra

O monte pode
axudarte



xes silvae
XES SILVAE
Sociedade Galega de Fomento Forestal



COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERACÃO TRANSFRONTEIRIZA
ESPAÑA - PORTUGAL

Unión Europea
FEDER



Investimos en su futuro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR